

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE

Sesión do 25 de febreiro de 2016

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 25 de febreiro de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (28 de xaneiro de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Debate e aprobación, se procede, do Plan de captación do alumnado para o curso 2016/17**
- 4. Debate e aprobación, se procede, da actualización dos obxectivos da política de calidade do centro**
- 5. Aprobación, se procede, da continuidade do Plan de acción tutorial para o curso 2015/16**
- 6. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (28 de xaneiro de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de Montserrat Iglesias (motivos familiares).
- Quere darlle a benvida a Begoña Garrido Labrador que substitúe a Xulio Rodríguez como representade da sociedade.
- Informa que se está a elaborar o Informe da dirección e se aprobará na comisión proximamente, xa que se tiña que ter elaborado co Informe de seguimento. É un informe complexo e se están corrixindo as propostas feitas pola Área de calidade ao borrador enviado.

- A decana cédelle a palabra a Beatriz Comendador que, como coordinadora do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio, vai explicar na problemática que se atopa.

Este mestrado está sendo impartido pola Escola de Restauración de Pontevedra, a Facultade de Historia e a Enxeñaría de Minas da Uvigo. Hai un tempo houbo unha reunión coa vicerreitoría de profesorado na que comentou que os docentes externos non poden coordinar materias nin asinar calificacións, xa que no ministerio consideran non dadas as materias coordinadas por docentes externos. Os docentes da escola non queren este xeito de obrar, eles dan un módulo do mestrado e as materias que imparten son irremprazables, co que si se negan a dalas o mestrado caería. Estase esperando que nos contesten se o mestrado se podería impartir sen ofertar ese módulo que é optativo.

3. Debate e aprobación, se procede, do Plan de captación do alumnado para o curso 2016/17

A decana explica que se está a traballar no plan de captación para a modalidade presencial nos institutos, cédelle a palabra a Begoña Garrido para que explique en que vai consistir.

Begoña expón que vai consistir nunha dinámica sobre as saídas profesionais, un xogo no que aparecen egresados, para que o alumnado participe por grupos e logo facer unha posta en común coas súas respectivas saídas. Este xogo vai dirixido ao alumnado de 4º da ESO e 1º de bacharelato.

Despois se fará unha exposición cun paneis para que se visibilice uns días en cada centro.

Begoña comenta que está tendo problemas para acudir a algúns centros e sobre todo para que lle cedan tempo para presentar a dinámica aos alumnos de 2º de bacharelato.

Pablo Sánchez comenta se non se pode facer outra cousa para incentivar ao alumnado, como traelos aos laboratorios, que non pareza que se vai “vender” a facultade.

Begoña coméntalle que é moi complicado o tema dos desprazamentos do estudantado.

Pablo propón facer un titorial en youtube para que o vexan e circule a través das redes sociais e non lles chegue a través dos medios institucionais.

Apróbase o plan de captación do alumnado.

4. Debate e aprobación, se procede, da actualización dos obxectivos da política de calidade do centro

Dentro dos obxectivos de calidade hai uns indicadores que son as evidencias dos obxectivos e logo se propón unha meta, que nos comprometemos a cumprir.

Tras un interesante debate no que se analizan cada unha das metas propostas e as metas acadadas, apróbanse os novos obxectivos e metas fixados para o presente curso.

5. Aprobación, se procede, da continuidade do Plan de acción tutorial para o curso 2015/16

O Plan de acción tutorial consiste en que un alumno vai ter durante os 4 anos da titulación como titor a un docente do centro.

A decana comenta que o alumnado participa pouco neste plan, porque non ven a necesidade. María López afirma que no cuarto curso manifestan máis interese. Se debate sobre a idoneidade de que o estudantado non poida elixir aos titores e outros aspectos, como a necesidade de cumprimentar os formularios.


Apróbase o seu mantemento por asentimento.

6. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
25/02/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
GARRIDO LABRADOR, BEGOÑA
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBORDA MORILLO, SUSANA
SÁNCHEZ FERRO, PABLO
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	NO
SI	
	SI
SI	
	NO
	NO
SI	
SI	
	NO
SI	